

BASES DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “A MULLER TRABALLADORA”

1ª Tema

Situacións que reflictan o traballo das mulleres en calquera eido.

2ª Participantes

Poderán participar todas as persoas que o desexen, sexan profesionais ou afeccionadas, cun máximo de tres fotografías por persoa, non podendo acumular máis de un premio un só participante.

3ª Formato

As fotografías serán orixinais e non premiadas noutros concursos. Poden ser en branco e negro ou en cor, cun tamaño libre. Presentaranse sen montar, sen paspartú, marco nin cristal, e sen datos persoais que poidan identificar a persoa autora. Aquelas fotografías en que apareza unha persoa identificable, deben contar co consentimento da persoa retratada. O xurado pode requirir este consentimento por escrito.

4ª Prazo e lugar de presentación

As fotografías presentaranse na Casa da Cultura Manuel Lueiro Rei, en horario de 9.00 a 14.00 horas, ata o 20 de febreiro de 2016.

5ª Forma de presentación

Entregarase cada unha das fotografías de forma independente nun sobre pechado, coa indicación: “V Concurso de Fotografía A Muller Traballadora”.

As normas que se deben cumprir son as seguintes: no reverso da fotografía figurará o título da obra, acompañarase doutro sobre pechado co mesmo título no exterior e no interior figurarán o nome e apelidos, o enderezo, o teléfono e a fotocopia do DNI da autora ou autor.

6ª Premios

1º premio: 300 €

2º premio: 200 €

3º premio: 100 €

7ª Xurado

O xurado será o Consello Local da Igualdade. O ditame do xurado comunicarse ás persoas interesadas o 26 de febreiro. Os premios entregaranse no marco dos Premios Meca da Igualdade.

8ª Destino das obras

O Concello do Grove resérvase todos os dereitos de propiedade e uso das cinco fotografías que obteñan maior puntuación, citando sempre o nome da autora ou autor.

A fotografía gañadora será empregada na campaña do Día Internacional da Muller Traballadora.

Todas as fotografías presentadas a concurso serán expostas ao público no mes de marzo. Se a cantidade de obras recibidas excedese o número máximo para a súa exhibición, realizarase unha selección previa.

9ª Derradeira

A participación neste concurso implica a plena aceptación das presentes bases e a resolución pola organización de calquera eventualidade non contemplada nelas.